

# Programación

# DIDÁCTICA

## HARMONÍA

Conservatorio Profesional de

Música de Culleredo

## INTRODUCCIÓN

Por ser a materia de Harmonía unha continuación da materia de Linguaxe Musical é lóxico que os seus aspectos teóricos máis básicos estean xa incluídos nos estudos desta materia didáctica. Por outra banda, a práctica da entoación e o repertorio do instrumento estudado, así como a asistencia do alumnado ás actividades musicais propias da súa contorna social, sitúano, sen dúbida, en contacto cunha práctica e un repertorio baseados no predominio case absoluto de músicas compostas consonte o sistema tonal, prioritario na súa educación e na súa formación nesta etapa dos estudos musicais.

Partindo deste suposto, o ensino da harmonía deberá ir paso a paso descubríndolle ao alumnado o que xa sabe sen saber que o sabe; actuará de xeito similar á gramática da propia lingua: non ensinando a falar senón a comprender como se fala.

Nas ensinanzas profesionais de música o ensino da harmonía estará centrado, basicamente, no estudo do devandito sistema tonal, pero sempre considerado baixo un dobre prisma sincrónico-diacrónico: por unha banda, considerando que o sistema tonal posúe unhas estruturas pechadas en si mesmas, que precisamente son estudables e analizables pola permanencia que leva consigo o feito de que estas estruturas estean estreitamente conectadas a un estilo perfectamente definido; por outra banda, non se pode perder de vista no estudo da harmonía que cada estilo ocupa o seu lugar no devir diacrónico da linguaxe musical de occidente, e que nos seus elementos morfolóxicos e na súa sintaxe están presentes elementos e procedementos de seu propio pasado e, en forma latente, as consecuencias da súa propia evolución.

A parte disto, o coñecemento detallado e profundo do sistema tonal irá permitindo, de xeito progresivo, ampliar a progresión de determinadas ensinanzas, como a historia da música, coas cales a harmonía deberá irmandarse, co fin de procurar a desexable complementariedade en canto á adquisición de coñecementos.

Os contidos da materia responden a unha ordenación lóxica e progresiva dos elementos e dos procedementos postos en xogo no sistema tonal. Nos conceptos correspondentes a cada un dos elementos estudados non só deberá prestarse atención ao aspecto mecánico do seu emprego -criterio sincrónico-, senón que cumprirá unha valoración diacrónica en que se dean cita consideracións históricas e estilísticas. Esta valoración levarase a cabo

fundamentalmente por medio da análise, que é unha materia importantísima para traballar durante este período de estudos.

### **3º CURSO DE GRAO PROFESIONAL**

#### **OBXECTIVOS**

- a) Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal e as súas características, funcións e transformacións nos contextos históricos.
- b) Empregar en traballos escritos os elementos e os procedementos estudados da harmonía tonal.
- c) Desenvolver o oído interno na análise e na realización de exercicios escritos.
- d) Identificar a través da audición os acordes e os procedementos estudados da harmonía tonal.
- e) Identificar a través da análise de obras ou fragmentos, os acordes e os procedementos máis comúns da harmonía tonal
- f) Comprender a interrelación dos procesos harmónicos coa forma musical.
- g) Aprender a valorar a calidade da música.
- h) Ser capaz de tocar no piano os procedementos harmónicos estudados.

## **CONTIDOS**

- Intervalos. Consonancia e disonancia.
- Tríadas. Estado fundamental, 1º inversión, baixo cifrado. Enlace de acordes.
- Tonalidade e funcións tonais. Modo menor.
- Elementos e procedementos de orixe modal presentes no sistema tonal.
- 2ª inversión: acorde de cuarta e sexta.
- Ritmo harmónico. Regularidade e irregularidade na frecuencia de acordes.
- Cadencias e procesos cadenciais.
- Notas estrañas á harmonía (nota de paso, bordadura etc...). A nota pedal.
- Acorde de 7ª Dominante.
- Resolucións irregulares.
- Serie de sextas.
- Modulación.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Para superar o curso o alumno deberá ser capaz de:

- Realizar exercicios de harmonía aplicando os procedementos explicados en clase sen cometer varios erros graves tales como: oitavas ou quintas paralelas, cruzamento,

superposición, separación indebida das voces etc..., procurando que a voz superior manteña o interese. Demostrando así o coñecemento e a interiorización dos procedementos harmónicos estudados.

## **PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

-Realización en clase de dous exercicios breves: un baixo cifrado, e un baixo sen cifrar ou un tiple dados, cun tempo de 1 hora e 30 minutos de duración, no que haberá que aplicar os procedementos explicados durante o curso.

-Execución ao piano de acordes e procedementos estudados.

### **Alumnado no estranxeiro**

*O alumnado que, estando matriculado no centro, non poida asistir ás clases nin ás avaliacións por causas debidamente xustificadas e acreditadas (estadías no estranxeiro por estudos, etc.) deberá manterse en contacto telemático co profesor ou profesora da asignatura, sempre de xeito regular e frecuente (clases on line).*

*No caso da 1ª e 2ª Avaliación, os exames correspondentes celebraránse a través de conexións en directo (por teren estas avaliacións un carácter informativo e orientativo). No caso da Avaliación Final de curso, e dada a súa transcendencia, os exames deberán desenvolverse coa presenza física do alumno ou alumna no centro, segundo a correspondente convocatoria.*

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

A realización dos exercicios valorarase de 0 a 10

Os traballos de clase poden subir a nota de 0,25 a 1 punto.

## **OBTENCIÓN DA MATRÍCULA DE HONRA**

Para a obtención da matrícula de honra o alumno deberá compoñer unha obra para piano en estilo barroco ou clásico dunha duración mínima de 40 compases con forma binaria.

Composición na cual a parte b debe estar no tonalidade da dominante o no relativo menor

e debe voltar ao tono principal ao final de b, utilizando os procedementos armónicos e melódicos estudados no curso.

Dita obra deberá ser exposta ante a comisión pedagoxica explicando as súas características en canto a forma como aos seus recursos armonico-melodicos. Podendo solicitar a comisión a interpretación da obra por parte do alumno

## **4º CURSO DE GRAO PROFESIONAL**

### **OBXECTIVOS**

- a) Comprender a evolución da música tonal desde as orixes ata a súa desintegración no cromatismo wagneriano e coñecer os procedementos harmónicos empregados durante todo este período.
  - b) Coñecer os acordes cromáticos máis habituais a finais do período da práctica común.
  - c) Empregar en traballos escritos os elementos e os procedementos estudados da harmonía tonal.
  - d) Identificar a través da audición os acordes e os procedementos estudados da harmonía tonal.
  - e) Identificar a través da análise de obras ou fragmentos, os acordes e os procedementos estudados.
- d) Ser capaz de tocar no piano os procedementos harmónicos estudados.

### **CONTIDOS**

-Dominantes secundarias.

-Acorde de 7º disminuída. Series de 7ª disminuídas

-Acorde de 7ª de sensible ( 9º maior incompleta).

-Acordes de 7º sen función de dominante. Series de sétimas.

-Acordes de 9º, 11º e 13º.

--Acordes cromáticos: +II, +VI e 6ª napolitana.

-Outros acordes cromáticos: Acordes de 6ª aumentada. Acordes con 5ª elevada ou rebaixada: o *ómnibus*.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

-Realizar exercicios de harmonía aplicando os procedementos explicados en clase sen cometer varios erros graves, procurando que a voz superior manteña o interese , así como a escritura correcta dos diferentes acordes estudados demostrando así o seu coñecemento e a súa interiorización.

-Tocar no piano, os procedementos harmónicos estudados, demostrando certa soltura na búsqueda das notas correctas de cada acorde.

### **PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

-Realización en clase, de dous exercicios breves: un baixo cifrado, e un baixo sen cifrar ou un tiple dados, cun tempo de 1 hora e media de duración, no que haberá que aplicar os procedementos explicados durante o curso.

-Execución ao piano de acordes e procedementos estudados.

### **Alumnado no estranxeiro**

*O alumnado que, estando matriculado no centro, non poida asistir ás clases nin ás avaliacións por causas debidamente xustificadas e acreditadas (estadías no estranxeiro por estudos, etc.) deberá manterse en contacto telemático co profesor ou profesora da asignatura, sempre de xeito regular e frecuente (clases on line).*

*No caso da 1ª e 2ª Avaliación, os exames correspondentes celebraránse a través de conexións en directo (por teren estas avaliacións un carácter informativo e orientativo). No caso da Avaliación Final de curso, e dada a súa transcendencia, os exames deberán desenvolverse coa presenza física do alumno ou alumna no centro, segundo a correspondente convocatoria.*

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

A realización dos exercicios valorarase de 0 a 10.

Os traballos de clase poden subir a nota de 0,25 a 1 punto.

## **OBTENCIÓN DA MATRÍCULA DE HONRA**

Para a obtención da matrícula de honra o alumno deberá compoñer unha obra para piano en estilo romántico, tipo vals, polonesa ou mazurka ducha duración mínima de 60 compases con forma lied ou rondo, utilizando os procedementos armónicos e melódicos estudados no curso.

Dita obra deberá ser exposta ante a comisión pedagoxica explicando as súas características en canto a forma como aos seus recursos armonico-melodicos.

Podendo solicitar a comisión a interpretación da obra por parte do alumno



## ENFOQUE METODOLÓXICO

O ensino da harmonía estará centrado, basicamente, no estudo do devandito sistema tonal, pero sempre considerado baixo un dobre prisma sincrónico-diacrónico: por unha banda, considerando que o sistema tonal posúe unhas estruturas pechadas en si mesmas, que precisamente son estudables e analizables pola permanencia que leva consigo o feito de que estas estruturas estean estreitamente conectadas a un estilo perfectamente definido; por outra banda, non se pode perder de vista no estudo da harmonía que cada estilo ocupa o seu lugar no devir diacrónico da linguaxe musical de occidente, e que nos seus elementos morfolóxicos e na súa sintaxe están presentes elementos e procedementos do seu propio pasado e, en forma latente, as consecuencias da súa propia evolución.

Á parte disto, o coñecemento detallado e profundo do sistema tonal irá permitindo, de xeito progresivo, ampliar a progresión de determinadas ensinanzas, como a historia da música, coas cales a harmonía deberá irmandarse, co fin de procurar a desexable complementariedade en canto á adquisición de coñecementos.

Así mesmo, fomentárase xa desde o comezo do estudo desta materia a propia capacidade creativa do alumnado e non só no relativo á composición íntegra de exercicios dentro dos supostos estilísticos estudados, senón mesmo no referente a pequenas pezas libres, vocais ou instrumentais a través das cales desenvolva a súa espontaneidade creativa e aprenda gradualmente a resolver os problemas -referentes tanto á harmonía como á forma, á textura, aos contrastes de todo tipo etc.-que o feito musical vai xerando no seu crecemento.

## RECURSOS DIDÁCTICOS

Libro de texto:

Título: Armonía / Autor: Walter Piston / Editorial: Labor

Outros libros recomendados:

Título: Tratado de Armonía / Autor: Arnold Schöenberg / Editorial:  
R.M.

Título: Cuaderno de Armonía / Autor: Joaquin Zamacois / Editorial:  
R.M.

Título: Funciones estructurales de la Armonía /Autor: Arnold Schöenberg / Editorial:  
R.M.

Editores de partituras para a realización e escoita dos exercicios:

-Finale, Sibelius, Encore.

## **ACTIVIDADES**

O alumnado de 6º curso de Análise realizará ao remate do curso unha exposición que terá como tema a análise dunha obra do repertorio de 6º curso do seu instrumento, á que poderá asistir libremente estudantes doutros cursos, valorándose positivamente na avaliación do alumnado de Harmonía e de Análise.

Cada alumno de 6º curso de Historia da música realizará tres exposicións ao longo do curso á que deberá acudir o alumnado do mesmo curso, e a que poderán asistir libremente estudantes doutros cursos, valorándose positivamente na avaliación do alumnado de Harmonía e de Análise.

A asistencia a concertos programados polo centro valorarase positivamente ao alumnado de Harmonía e de Análise.

## **COORDINACIÓN E REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN**

O Departamento de Harmonía e Composición reunirse mensualmente en sesións ordinarias para coordinar e modificar, se fose necesario, as programacións das asignaturas do departamento para axustarse ás necesidades do centro ou por criterios de mellora do nivel formativo do alumnado. Así mesmo, poderá reunirse en sesión

extraordinaria se a urxencia ou a gravidade do asunto a tratar así o requirise.

## **AVALIACIÓN INTERNA**

O Departamento de Harmonía e Composición, na reunión ordinaria do mes de xullo, realizará unha valoración do cumprimento dos obxectivos do departamento en canto ao seu labor de coordinación entre as asignaturas pertencentes a este, así como unha avaliación xeral do grao de consecución de obxectivos de cada unha das asignaturas do departamento. O obxectivo desta autoavaliación é poder modificar o que sexa necesario, para un mellor funcionamento do departamento e tamén un mellor rendemento de cada unha das asignaturas que o compoñen.